



Victor Hugo

O REICIÑO DE GALICIA



Esta obra é distribuída baixo licenza [Creative Commons 2.5](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/2.5/)
Citar como: Victor Hugo: *O reiciño de Galicia*. Tradución ao galego de Henrique Harguindey.
<http://palabrasdesconxeladas.gal>



Debuxo de E. Grandet (Musée d'Orsay)

I

O CAVORCO DE ERNULA

Velaí reunidos os infantes de Asturias.
Os dez no mesmo prado concase dúas centurias.
Cinco de Santillana e outros cinco de Oviedo.
Paran ao mediodía a carón do rochedo
a dar auga dun pozo aos mulos fatigados
e aos cabalos que fungan con ollos apagados.
Axiña chegarán, ondeando o estandarte,
ao máis fondo de Asturias, á máis remotra parte,
antes que a noite cubra a serra en manto umbrío.
Proseguen o camiño que no monte sombrío
escavara algún día o torrente veloz
pretendendo, se cadra, unir Tolosa a Espoz.

Un crego vai con eles a ler no seu breviario.

De Compostela afástaos o río solitario.

Están perto de Ernula, a fraga verdecente
onde o grande Pelaio, segundo conta a xente:
*Cando os pobos de Asturias, ansiosos, inquirían,
cantos eran os Árabes que a patria ensombrecían,
colleu na man a fraga, prendeuna coma un facho,
e, en canto que ela ardía, baixo a luz do refacho,
dexergou e contou, dende o alto da montaña,
os Mouros tenebrosos ata o fondo de España.*

II

SÚAS ALTEZAS

No lugar desolado eles están triunfantes.

Fero e trágico grupo forman estes infantes.
Diante vai un clarín que a distancia acompaña
un fato carrañento, o máis negro de España.

Na fronte dos guerreiros, ferozmente adoviados,
a monteira de ferro curva ganchos afiados.
Mauregato non ten sicarios máis salvaxes
E o pirata Dragut non topou nas pillaxes
uns forzados máis ruíns nin Gaifeiros caudal
máis mouro, nos que o seguen, ca esa grea infernal.
Os cascos son de aceiro, de bronce os corazóns.
Teñen nomes sangrentos eses dez infantóns:
son don Santos Pacheco, alcumado o Ousado,
Alonso e mais o Froila, un demo encarnizado,
Ponce, o que o mar de Biscarrosa a Irún domina,
Rostabate o Xigante, Materno o que fulmina,
Brais, Ramón, Jorge e Ruy, o máis vello, o Raposo,
loiro, o menos violento pero o máis asañoso.

O monte, negro cómplice, abre a boca deserta.

Son irmáns, é seguro. Amigos? Cousa incerta.
A estes caíns só os une a perda dos demáis:
como Atreo a Tiestes ama materno a Brais.

III

NUNO

Os xefes parlamentan, a tropa dorme a sesta.

Os cabalos están nun recanto gardados
por dez homes que rin e falan xogando aos dados.
Son os dez intendentes, título señorial,
armados de bisarmas, na polaina un puñal.

O sendeiro semella traidor, a árbore avesa,
e a cabra que, pacendo, polo monte atravesa
no sabre esborroado a penas dá cun toxo:
Tan árdiga é a terra, tan escarpado o foxo.
De cando en cando vese un pozo lamacento

no que o suco do carro non ten proseguiemento.
Non sendo algunhas herbas xunto á poza impotable
todo do sol sombrío ten a enruga implacable.
As árbores lañadas, os granitos fendidos,
afogan os paxaros no aire escaso perdidos.
Albíscanse unhas torres na lombada dun monte
que parece unha osa inmensa no horizonte.
Se onde Deus pon a roca o home ergue un forte,
se sobre da soidade el inda engade a morte,
se o que era inaccesible inexpugnable el troca,
é triste. Entre ocres pregues, pola alta furoca,
as sendas dos outeiros son liñas e manchóns
que de súpeto morren en rudos farallóns.
Cara ao norte o rebaño de nubes vai despazo
seguido polo vento, can oubeante do espazo,
e deixa na fuxida moutas de lá nos cumes.
O Corcova enche o fondo cos seus vastos volumes.

Óese no piñeiral gastado e esmorecente
loitar a rocha hidra contra o réptil torrente.
Á beira do pradiño onde se fixo o alto
unha barronca escura desperta o sobresalto
abrindo, cega, o flanco cheo de leve bruma
sobre o horrendo Ibaizábal, que referve de espuma.
Bandidos de verdade non ven mellor tobeira:
unha engrova retorta pechada en matogueira,
tan poboada de silvas, de espiñas tan tupida
que un home abondaría pra gardar a saída.

De que están eles ledos? Dunha proeza. Esta noite,
escorrendo na vila, sen que ninguén escoite,
antes de que a alba gris fure a negrura espesa,
cos seus, en Compostela, raptaron por sorpresa
o malpocado Nuno, reiciño de Galicia.
Os lobos as súa poutas refregan con ledicia.
En roda, xunto ao pozo, sobre a verde cuberta,
ese fato de monstros entre eles se concerta.

Nuno, o rei, ten quince anos, os ladróns son seus tíos,
por iso el con espanto sinte vir arrepíos;

mais non chora, calado entende que é o que os preme;
bocexa, e por veces, pecha os ollos, e treme.
A súa fronte tristeira leva ferida a testa,
golpeado e atado puxérano na besta.
Grave e serio, entón dixo:Esta corda me manca.
Soltárono aldraxando a súa cariña branca.
Mais seus tíos feroces cravan nel os seus ollos.

O orfo desamparado presinte xa os ferrollos.
Tentando domear tantos ventos malsáns,
don García, ao morrer, chamou os seus irmáns
e, invocando o honor, o corazón e a lei,
pediulles que coidasen dese neno, seu rei.

Discuten en voz baixa e con aceno arteiro
que facer:se enclaustralos no próximo mosteiro,
ou vendelo a Iusaf, príncipe sarraceno,
ou guindalo sen máis nun pozo do terreno.

IV

A CONVERSA DOS INFANTES

–A vida é unha afronta perdoada de vez,
Di Pacheco, Que viva e que morra coa vellez
Se o matamos é o rei, se morre é só un covarde.
Que viva! Nun convento!

–E se volve máis tarde?

Di Jorge.

–Si. E se volve? di a hiena de Materno.

– Se volve? din Ponce e máis Ramón.

–Para o inferno!
replícalles Pacheco. Irmáns, se dende agora

o deixamos con vida é un rei que se evapora.
A morte ou ben o claustro daríalle a escoller,
e se el, ante o perigo, prefire esmorecer,
eu péchoo nun mosteiro todo cheo de lixo
e dígolle: “Está ben, fuches ti quen o quixo”.
Un rei envilecido logo cae destronado,
No desprezo é moi fácil, se o matan non é doado.
Nuno morto é un espectro:volvería. Mais nada
poderá contra nosa coa cabeza curvada.
Se se deixa tosquiar e de medo cae preso:
que nos pode importar despois o seu regreso?
Eu diría: Ao finado do rei gustábanlle as mulleres.
Será este algún fillo das noites de praceres?
Un bastardo covarde pode darnos a man?
O que nos diferencia un nobre dun vilán
é que se ante a afronta é forzado a elixir
morrer prefire o príncipe e o vilán quer vivir.
E este lercho viviu”. O pailán sempre soña
Con facerse caduco e a vida o empezoña.
O burgués, o tendeiro, o bastardo, vai á igrexa
e morre de ben vello, mais o nobre desexa
a mocidade curta, leda e de fin sanguenta.
Nós somos os guerreiros, cremos a morte lenta,
por iso a reclamamos chamándoa con clarín,
acelerando o paso do letal paladín.
O pobo ben o sabe, coñece e non perdoa
aquele que proba mal a raza e a coroa,
aquele que leva mal a pel de rei. Xamáis
un rei volveu saír das paredes claustrais.
Prometo que eu daría aos pastores das serras
os estados do Algarve, de Asturias e outras terras
se alguén, en calquer parte, no mar, no continente,
en Francia ou en España ou nun país do Oriente,
me mostra unha coroa que sae dun capuchón.
O hábito tornouse unha mortalla, entón.
Porque se nun convento tedes palidecido
xa non vos queren máis, non dades resistido;
non vos atopan xa aspecto bravo abondo.
“Frade, pon a túa roupa! Volve para o templo fondo!”
Velaí o que vos berran. Évos moito mellor

deixar vivir o neno.

Mais don Ruy o traidor
reflexiona en voz alta, e friamente di:

A cousa na que eu penso sería boa, si.

–Cal é?inquire Ramón.

–E Ruy, moi devagar:

Non vos hai mellor forma –di el– de rematar
un asunto político e íntimo do estado
ca un remedio prudente de sempre practicado
e que o vulgo ignorante non debe coñecer:
un pozo ben profundo e alí...a apodrecer!

Falan isto entrementes que a miserable tropa
bebe a sombra e o soño por esa escura copa
do letargo calado e mouro mais tenaz,
e baixo un sol que abafa matina aquel rapaz.
O crego, mentres, come entre os rezos do caso.

V

OS SOLDADOS SEGUEN A DORMIR E OS INFANTES A FALAR

Un erro: non mandaron que gardaran o paso.
Ai, don Ruy o Raposo, u–la vosa moleira?
Don Ruy respondería.:–O acibro e a silveira
e cada con das penas son unha sentinela:
a fera soidade é a amiga que vela
por ladróns, por bandidos, pola xente nocturna;
o país tebreoso constitúe unha furna,
por iso aquí nós temos un couto inabordable;
é un vello encubridor este monte admirable;
funesto el nos acepta e, cal sexa a nosa acción,
agacha o noso feito nun fondo boqueirón:

que podemos temer, nós, nesta densidade,
sendo ladróns no campo e príncipes na cidade?

O debate do rei continúa: –Cumpría,
di o infante don Ruy, darmos cunha abadía
nun lugar arredado, onde el se faga vello.
Moi ben. Mais mellor era cortarmos xa o vencello
e no río Ibaizábal de contado lanzalo.
Decidide de vez, e despois...A cabalo!
Bulide!

E vendo ao infante don Materno botar
unha pedra no pozo, e outra, e logo ollar
os circos que na auga forma o croio que fura,
interrómpese Ruy e di:

–Non hai altura.

Xa antes eu mirei. E logo segue amodo:

Se se apraza un asunto perde o sentido todo.
Cando un caso se aclara logo chega o final.
Aquí estamos de acordo, en grupo fraternal:
O rapaz é molesto. Ten que marchar da vida.
O claustro é só un limiar, a tumba unha saída.
Escollede, mais cómpre que antes de mañá estea.

VI

ALGUÉN

Alerta, un cabaleiro se achega pola brea!

É a hora en que os soldados, lívidos, durmiñentos,
ao rematar a sesta se erguen con xestos lentos.
Unha boa armadura viste aquel cabaleiro,
ven da banda do mar e avanza no sendeiro.
Entra agora no val e franquea a calzada.
marchando moi en calma, coa viseira baixada.
Monta un cabalo branco.

–Cabaleiro baril:

que facedes aquí, neste torvo cubil?
E que nefasto afán vos trae ou que afección,
no medio destes reis con humana facción
copiada polos demos nun engano groseiro?
Que abella sodes vós pra entrardes no avespeiro?
Para entrardes no abismo: que arcanxo tan sublime?

Os príncipes, absortos en preparar o crime,
miran primeiro altivos e sen descompostura
pra o varudo xinete de brillante armadura.
Tamén el asemella, ao cruzar a clareira,
que mira vagamente á tropa aventureira.
E, como se os pulmóns non deran, co veneno,
respirado ese aire, corre, mais ve aquel neno.
Entón vai cara a eles, o seu camiño altera,
e baixa do cabalo e di:

–Cheira a pantera,

como se estiveramos nos montes da Tunicia.
Que trama esta xente con aire de malicia?
Eu desconfío moito dun sitio montaraz.
Respondédeme axiña: Quen é aquel rapaz?
E vós, aquí reunidos: que estades a argallar?

Unha gran risotada que un voitre fixo voar
foi do fero Pacheco o retruque previsto.
Despois berrou con forza:

–Polos cravos de Cristo!

Ruy, Jorge, Ponce, Alonso! Meus irmáns no infantado,
as árbores da encosta queren un aforcado!
Mais que agarden un pouco: terano deseguida;
Primeiro é a resposta. E que me falte a vida
se escondo algunha cousa das que el quer coñecer!
Cando de diante miña comeza a aparecer
a cor do meu penacho, acostuma o vilán
a meterse na casa pechando todo van;
tapa mesmo as orellas e tamén cobre a vista.

Estou, pois, ledo ao ter quen pregunte e insista.
Así ninguén dirá, nunca, en ningún lugar,
que me viu facer algo e, coitado, calar,
ou que se me preguntan eu son dos que tatexo.
O ousado que pon medo, se cala é so un pelexo.
A miña man aberta mostra sempre a semente.
E agora ensinaríalle a alma transparente
a Deus se é que baixase inquirir a Pacheco
co trebón como voz e o inferno como eco.
Escoita, ti, quen queira que sexas, refugallo,
xa logo escolleremos un pradairo ou carballo,
como mellor che apraza, nesta fraga de Ernula
para que pendurado o teu cadáver bula.
Escóitame. Estes nobres de ardidos ademáns
e eu, Pacheco, nós somos, todos os dez irmáns,
os infantes de Asturias, e velaí tes ao lado
a Nuno, que é o fillo do noso irmán finado
García de Galicia, reinante en Compostela;
sobre del, nós, seus tíos, temos dereito á tutela.
Ímolo aferrollar, pechado nun mosteiro,
porque para ser rei é miúdo e cativoiro
e este pobo o que quer é unha espada ben forte.
Tantas xenreiras hai en derredor da corte
que lle compre un señor con barba e sen encollo;
por iso nos baixamos do trono este codrollo
e a fe que a Deus axiña habémolo ofrecer,
pois ten a pel brancuxa, máis ca a dunha muller!
É mol e tremelica e é manso coma un boi;
non se sabe se ve, non se sabe se oi.
Pode ser iso un rei? Velo fai que un se abrume.
Eu, ao menos, nos ollos teño fachos de lume;
e o sol, a chuvia, o vento, bravíos curtidores,
me o coiro endureceron, meus ilustres señores.
Ser príncipe é fermoso mais rudo. Voto a tal!
Sempre ter do guerreiro a postura campal,
xear no inverno, o vran suar, co casco por encerro,
ser o verme noxento dunha larva de ferro,
dormir dentro do arnés e beber da cabaza,
á noite estar tan canso que a fatiga te esgaza,
embrullarte nos pés un pano, sen calzado,

combater todo o día, velar logo acampado,
camiñar doente, vencido, en fame cega,
sentir na navallada o sangue que fumega,
comer cebola crúa e dormir cando cadra.
Velaí. Nese feto a armadura descadra.
Logo veremos nel medrar no papo o bocio
e a mitra na caluga, dons do seu sacerdocio!
En boa hora sexa! Eu, por sorte, son home
compañeiro da espada, a carraxe é o meu nome
e os pelos dos meus brazos métenlles medo ás feras.
Vivirá tonsurado o anano, en cheiro ás ceras.
Tamén sería posible polo ben do estado
Que nun pozo profundo acabase lanzado.
Eu mellor o quería frade nunha igrexiña
axudando na misa, tocando a campaiña.
para nós xa que nós somos príncipes e xigantes,
gardamos cetro e lanza pois que son concordantes
a capela cos nenos, cos homes a batalla.
Dez condados exactos el ten e nós sen falla
dez príncipes estamos: non hai cousa máis xusta.
Enténdelo, nonsí? Comprendelo non custa.
É doado e non hai niso ningún misterio
e ninguén vai pensar, se falamos en serio,
que a terra negue os froitos e o sol non brille máis
porque un país repartan entre eles dez feudais
e porque un rapaciño volva para a poeira.

O cabaleiro ergueu devagar a viseira.

–Son Roldán, par de Francia, dixo el moi calmoso.

VII

DON RUY O RAPOSO

O máis vello, prudente, o xefe Ruy Raposo,
sorríu:

–Nobre Roldán, a miña natureza
Non é a de buscar bulla con ninguén que apareza.
Saúdvos e digo: Moi benvido sexades!
Este país é rudo, como ben reparades,
escarpado, brutal, deserto e nós somos
dez infantés armados, cos seus dez maiordomos,
que temos detrás nosa máis de cen loubáns rexos.
Se queremos, podemos por estes lugarexos
deixar quedar carniza pra o pasto das bandadas
de corvos que o serán bota contra as valgadas.
Estades entalado e non vedes, de certo,
nin paredes nin teitos nin máis camiño aberto.
Ninguén hai máis ca nós. U–la axuda? As cascadas
cobren a vóz da xente que cae nas emboscadas.
Apenas se viaxa a este val tan nefando.
Quen pasmado en quimeras aquí chega cismando
atopa estes cavorcos ásperos moi fermosos
mais sonvos ben rebeldes os camiños pedrosos.
Picos que arredan o home, recunchos primitivos
frecuentados por seres ás miradas esquivos.
Cando un val é así, tan fragoso e rochento,
pode chegar a ser pra o curioso noxento.
Bon Roldán, voso nome chegou a nós con loores.
Nós somos nobres doces e moi benefactores.
Non quixeramos, pois, facervos ningún dano.
Debedes marchar logo. O monte é moi insano.
Volve os vosos pasos co menor intervalo.
Volveivos.

Roldán dille: Falai co meu cabalo,
pois que ten o costume estraño e singular
de non me obedecer se o mando recuar.

Os infantés falaron baixiño nun debate.
E Ruy dixo a Roldán:

–Tanto ilustre combate
dá brillo á vosa gloria, soldado humanitario.
Querémosvos mellor amigo ca adversario.
Señor, por invencible que poida ser Roldán,

cando hai que, palmo a palmo, en herba ou duro chan
loitar só, e con dous brazos ter que lles facer fronte
a máis de cen mozotes é sombrío horizonte.
É un combate de sangue xeneroso enchoupado
que puidera acabar, sobre o sinistro prado,
cos osos dun heroe aledando as rapaces.
Falemos: os estados teñen regras tenaces
vós hoxe aquí caestes no medio dun acordo
de familia. O que cómpre é que pasedes xordo.
Señor, Nuno non é posible, explicareino:
O infantilismo estraga os asuntos do reino.
Pousar en tal cabeza a coroa e o medo
e a guerra: ten sentido? Bo monarca un remedo!
Éche boa! Daquela, se a senrazón se implanta,
se o absurdo é lei, ponde a criada da infanta,
dídelle ás ovellas que ruxan, e ordenade
que resoen as cervas os claríns a vontade;
E sede consecuente: por que non se estipula
que o oso e mais o lobo vistan unha casula
e nas patas do tigre se poña un incensario?
Señor, o ser prudente non é ser un falsario
e os asuntos que expoño sonvos ben verdadeiro
tanto para os doutores como para os guerreiros.
Vou ao feito: sexamos amigos. Nós queremos
facer resplandecer a estima que vos temos.
Velaí. Lezo non é unha vulgar aldea
nin a vila de Oiartzun é vila nada fea;
as dúas son pra vós se, atendendo ás razóns,
vós servides de axuda para as nosas accións.
Pasámosvos as xentes, fragas e casaríos.
Xa sodes o señor destes dous señoríos.
Non nos queda senón darnos a man proutiño.
Nós temos cera, un crego e mais un pergamiño.
E pra que a vosa graza teña pleno contento,
ímosvos asinar agora o documento.
Feito!

–Seica o soñastes? Dille Roldán a el.
E presentando a Nuno o seu branco corcel:

–Ten, rei! Parte ao galope, xurde, corre, regresa
á cidade, salta o río e o monte atravesala!
Vai!

Chouta o neno-rei sobre a sela ao momento,
e velaí que foxe, so o claro firmamento,
por montañas e vales, a uña de cabalo.

–O primeiro que avance prometo de matalo,
di Roldán.

E os infantes míranse de repente
perplexos.

VIII

PACHECO, FROILA, ROSTABATE

E Roldán:

–Sería un inconsciente
quen de vós persegue esta presa escapada.
Faría dous anacos del, eu, coa miña espada,
tal como o Douro corta en dous trozos León.

E en canto que lles fala, o seu brazo dispón
a grande Durandal, brillante e algareira.
Roldán pégase a un tronco robusto de enciñeira,
berrando:

–Desconfiade da espada e do seu corte.

–Pois mesmo que ti foses a figura da Morte
eu ía! E matarei o Nuno aló na braña!
di Pacheco saltando ao seu poldro de España.

Roldán sobe a un penedo de onde domina o chan.
O infante pica esporas cunha daga na man

e con outra entre os dentes disposta para a lida.
Quen, pois, lle impediría franquear a saída?
Ten os puños crispados degustando o pracer
de acadar o que foxe e volvelo prender,
e sentir como treme baixo a uña inexorable
todo o pobre corpiño do neno miserable.
Vaise cara a Roldán, faille unha viradela;
sorpresa, Roldán recúa. Non hai cancela.
Mais o gran paladín se endereita e zorrega
un golpe tan pasmoso que a Pacheco en dous sega
e mais mata o cabalo, tan sobrenatural
que lle parte a testeira e fura o peitoral.

–Que é o que au advertira? di Roldán. Facei caso,
Ponse entón. Renunciade a forzardes o paso.
Se un de vós, desafiando a espada do meu puño,
ten o cerebro tolo ata ese testemuño,
a fenda que lle eu abro vai chegarlle ao carozo.
Mirade.

Aí don Froila, acariciando o pescozo
do seu ancho cabalo de fociño de touro,
berra: Vamos!

–Quietiño, ou eu no intre bouro!
dille Roldán.

E Froila bate un golpe coa lanza;
Roldán, tocado, oscila e Froila se abalanza.
Mais Durandal se ergue e chimpa o infantón
enriba de Pacheco do que a alma oubea entón.
Froila cae afogado coa angustia derradeira;
o seu casco, ao que a espada lle crebou a charneira,
ábrese e mostra a boca onde a espuma fai asomo.
Baba espesa e sanguenta! Tamén chega en agromo
a seiva en primavera, nos estripos fai bolas
e rebenta en saliva na puntiña das pólas.

–Venganza! Morte! roxe Rostabate o Xigante.
Somos dez contra un, matemos o intrigante

–Ollo! exclamou Roldán!. Que a dureza é moi alta!
Pois Roldán non é un. Veño agora de Malta,
de Arabia e máis de Exipto e todo o que vos digo
é que hai pobos de negros mortos co meu castigo.
Eu creo que planei no ceo solitario;
penso que abandonei o mundo de a diario
dos homes e montado en monstruosos grifóns
fun até a profundidade dos grandes nubarróns.
Mais, que importa! Cheguei e o voso ánimo é raro,
fai-me rir. Tende conta de vós porque declaro
que eu sempre sentín que tiña a Deus comigo.
Sodes cen contra un! Por Cristo! Que perigo!
Cando cen patacóns valeron un ducado?
Cen candeas aluman máis ca un astro dourado?
Cantos piollos fan falta pra comeren un león?
Vós sodes moi escasos para esta rebelión
ou pra dar atuído o camiño ao meu paso.
Atrás!

Mais o xigante baixa o fociño graso
E, cuspiendo roñidos roucos de xabarán,
coma un forte coloso embiste ao paladín
co ruído dun enorme muro que se esborralla;
ao seu carón avanza, cal sombría canalla,
os outros sete infantés e mais os maiordomos,
e regañando os dentes en escuros asomos
van os cen rapa-cartos coas súas faces ingratas,
cubertos con monteiras, calzados de alpargatas.
Formando arco feroz que desprende muxicas
todos fan converxer sobre Roldán as picas.

O infante é monstro de alma e monstro de estatura,
a rocha de Roldán dálle pola cintura.
As súas fronteiras están a nivel no combate:
Firme, enriba, Roldán, e embaixo Rostabate.

O xigante por fronda colle un negro rizón
apuntando a Roldán co grotesco arañón,
masa horrenda que pende de pesados anelos,

e lanza contra del ese asalta-castelos.
Roldán pode esquivalo e berra: Besta brava!
en canto que o rizón no penedo se crava.
O xigante dá un chimpo, unha hacha en cada man.

Coloso e mais xigante xuntos agora están.

–Durandal, que cortaches en dous Dol na Bretaña,
Podes fender de novo tronzando esta montaña!
di Roldán asestando o estoque a Rostabate.

Igual que sobre as patas de diante o oso se abate
despois de que se erguera pra apertar o pastor,
así cae Rostabate. Riba do seu brancor
Lais, núa, tiña menos carbúnculos lucentes
ca estes feros penedos charcos de sangue quentes.
El cae. Esta panoplia xigantesca se mostra
sobre o esmagado toxo, sobre a dura congostra.
Revirada, ao caír, a camisa de aceiro
deixa desnudo o peito do xefe carniceiro,
cadáver que ten mamas noxentas e unha andorga
que o seu sebo espaxe ciscado pola corga..

Os sete infantés vivos miran para os tres mortos.

Mentras iso acontece, cruzando agras e portos
o rapaz libertado fuxía a Compostela.

Durandal brilla ao alto e rexeita ante ela
os que atacan, lanzando ráfagas de aquilón.
Sempre teso na rocha que pecha ese cañón,
Roldán dille ao rebaño que sobre del se cerra:

–Seica necesidades reforzos pra esta guerra?
Mándadeos buscar. Por que imos apurar?
Agardarei á noite antes de comezar.

–Búrlase! Todos a el! –di Jorge– Imos a pran!
Que nos somos abutres e a águia nosa irmán!
Fillos, tende coraxe, que esta noite pra cea

cada un terá un anaco sanguento desta prea!

IX

DURANDAL TRABALLA

Mozas que, dende o instante no que o oriente se doura,
nas fontiñas de Andorra estades na laboura
e cantades, lavando e tendendo ao clareo;
cabreiros do Jaizkibel que entre as nubes do ceo
tedes unha cabana solitaria e illada;
muleiros que apuxades de valgada en valgada
as mulas sobre as pontes que César puxo en pé:
sabedes o que o monte Corcova agora ve
ollando por enriba do ombreiro das colinas?

O monte ven un terrible choque de xabalinas;
un negro mato vivo de picas, en acoso,
como contra unha torre cinguida por un foso
rodea a un home, testa altiva, irta e escarpada,
gardado polo círculo inmenso dunha espada.

Todos dun lado, do outro un só. Tráxico duelo!
A repugnante hidra loita co arcanxo belo!

Quen dá dito no fondo dos ceos cheos de gritas
o que fai o trebón entre nubes tan fitas
e que é o que fai Roldán rodeado de ferróns?
Acometidas, sangue lanzado a golfaróns,
faces que se reviran e caen atrás lixeiras,
cascos rotos que rolan cal cántaras baleiras,
oleadas de asaltantes mortos ou malferidos.
Berros. Carnizaría! Terror! Azos ardidos
dun home contra a chea de esfameados avesas!
Como un avaro pousa o seu ouro sobre a mesa
a morte sobre os mortos bota mortos moi leda.
Durandal flamexante, funesta labareda,

Vai, ven, remonta e cae, de novo se incorpora
e abátese na festa da espada aterradora;
baixo o seu brillo os brazos, corazóns, ollos, osos,
tremen, e os máis afoutos, ao nivel dos medosos,
cúrvanse. Durandal, fulxente e sen desmaio,
distribúe estocadas asemellando un raio.
Sobre o heroe todos xuntos se asañan, os moinantes
e os príncipes, furiosos, lánzanse oubeantes,
Baten, paran, apupan, urran, berran: Á liorta!
Roldán está ferido? Se cadra, mais: que importa?
El loita, a ferida é o altivo favor
que fai a guerra ao bravo e ilustre salvador.
E a carne de Roldán, mais ca o aceiro temperada,
non teme o bico fero e ríspeto da espada.
Mais desta vez son armas de traidores canallas,
lazos que levan chumbo, coitelos e navallas,
que golpean o heroe, sobre o que aquela grea
de monstros se reprega, retorce e formigüea.
O heroe baixo os seus pés sente ondular as cordas
como a pel dun dragón que incha as espiñas gordas.
A armadura xa está machucada e fendida;
e Roldán por momentos se ensoña na batida:
– Daralle de comer ao meu cabalo leal?

Un regueiro de púrpura fumega polo val
e por riba da herba pingas de sangue choven.
A árida clareira que endexamáis conmoven
as urnas de alta chuvia, a auga en ballón dondo
que o inverno lanza á fronte dos montes de Urbistondo,
ábrese e, requeimada e toda regañada,
acepta ledamente esa horrible orballada.
Fera, di ela: Está boa. Teño menos fogaxe.
Os sátiros deitados de costas á follaxe
que depenican uvas por riba das súas testas,
os exipáns, con ollos de deuses, pés de bestas,
que disputan co vello Sileno só por xogo
en baleirarse un odre enorme con afogo,
zugando os seos doces da ninfa Ebriedade,
non teñen máis pracer en libar a vontade
ca este fondo cavorco pavoroso e mesquiño.

A terra bebe o sangue mellor ca o fauno o viño.

Un asalto segue a outro. Así, apenas Roldán
esmagou un moinante que o molestara en van
cando xa alguén de novo lle morde no talón.
Negro estrépito! A fraga, a gándara, o cañón,
as serras que reciben da tempestade o insulto,
non poden escoitar o vento no tumulto.
Un rexo chouqueleo sae da sombría corte.
Todo o eco resoa. Qué será o que a morte
forxa nesta montaña e fai nesta contorna
usando esa gandaia noxenta por bigorna,
Durandal por martelo e Roldán por ferreiro?

X

O CRUCEIRO

Lonxe, sen precisar a aguillada do aceiro,
galopaba o cabalo ata perder o alento.
Atravesaba o río e a chaira coma o vento,
voaba; algunhas veces, tremelicando e ido,
o rapaz revirábase temendo ser seguido
e ver do horrible tobo que na montaña hai
baixar algún horrible dos irmáns de seu pai.

Ao caír a tardiña apareceu Compostela.
O cabalo cruzou a ponte que entra nela
que Santiago empezou a construír en granito;
As torres das campás debuxábanse a fito
e o orfo volveu ver o paraíso natal.

Cabe a ponte se erguía, nun alto pedestal,
un Cristo feito en pedra que tiña a Virxe a rente.
Un cirio alumeaba o seu rostro indulxente,
máis doce aínda na hora na que a sombra se alonga.
Parou Nuno o cabalo, baixouse sen delonga,

axionllado xuntou as mans diante da cruz
e dixo:

Vós, meu Deus, e a Virxe sodes luz.
Eu estaba perdido; era un verme entalado;
os meus tíos me tiñan; por vós estou salvado.
Fostes vós que enviastes o paladín de Francia,
Señor, e me mostrastes canta é a distancia
que hai entre un home bo emais un home ruín.
Se cadra había tendencias ao mal dentro de min
e habia ser se cadra cos anos ben infame;
mais salvádesme a alma salvándome do enxame.
Así me aparecestes naquel home, Señor;
e entón eu vin o día, vin a fe, vin o honor,
e comprendín que un príncipe precisa de bondade
cos desgraciados, pai, é dicir, de equidade.
Oh, Santísima Virxe! Oh, Xesús, que aquí estades!
Diante desta cruz na que por nós sangrades,
axionllado eu vos xuro lembrarme e ser cabal,
doce ao feble, ao bo fiel, terrible ao desleal,
xusto e socorredor sempre, indo polo vieiro
que me mostrou, valente, ese gran cabaleiro.
Poño por testemuña a vosa aureola santa.

O corcel de Roldán a súa testa levanta
sentindo estas palabras, e di: Ben rei, moi ben.

O orfo montou de novo no branco palafrén
e entrou na súa vila ao son ledos dos sinos.

XI

O QUE FIXO RUY O RAPOSO

Ao tempo, entre os rochedos, aló cabo dos pinos
e os abetos de Ernula en estremecemento
pola loita soberbia, un contra un cento,
podíase inda ver, baixo a noite estrelada,

o grupo formidable no fondo da valgada.
O combate acababa; eses montes radiantes
ou lúgubres, poboados por semideuses antes,
acordan abraiados, naquel branco solpor,
e mirando a Roldán ven de Hércules o ardor.
Era a fin dos infantes;cairan nove; o restante
escapara, era Ruy o Raposo; non obstante
o grupo continuara sen el, pois nada irrita máis
que a vergoña en loitar conta dun só, quizais.
Durandal, esbrechada, ao matar tanto loubán,
sementara de mortos a terra, pondo o chan
máis vermello que a nube pola que o sol se deita;
dese labor tan fero quedar ela maltreita,
o que en nada impedía a Roldán avanzar.
Os bandidos, coidándoo pronto a recomenzar,
tremendo como bois que levan pra o cortello,
cada vez que el movía o brazo ou un artello,
recuaban, acenando de lonxe coa navalla.
E Roldán, cheo de sangue e canso da batalla,
axotábaos ante el, seguíndoos polas hedras,
e, non tendo xa espada, arrebolaba pedras.